



***Xosé Luís Méndez Ferrín***  
***Acougo (Fragmento)***

*Feliz aquel que deixa a aldea sen fechar a porta  
do seu domicilio e cabalga deica os vales en que o labrego  
ara nas leiras e diversa fincabilidade prende a súa besta  
nunha argola da vella tenda de ultramarinos recada  
o caxato corvo e pilla as calzadas que o levarán aos planaltos  
de touzas poboadas de rulas e fugazmente transitadas  
polas estrelas azuis de pega-marza  
e alí asenta nun tocón apodrecido de aciñeira...*

*... e cando as sombras can e o sol deixara xa de ser  
un rubio farol comproba que no baldío non hai cousa humana  
toda escuridade cobra forma de sólido e a cara dun xigante  
de fariña vai xurdindo tralos petoutos e decide daquela fechar  
os ollos e non ter pensamentos*